

# NORMATIVA

## **Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo**

Aprobado en Consello de Goberno: 01-02-2021

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### SUMARIO

#### TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1. Finalidade do Regulamento
- Artigo 2. Identidade Institucional e sede da Facultade
- Artigo 3. Composición da Facultade
- Artigo 4. Funcións da Facultade
- Artigo 5. Goberno da Facultade
- Artigo 6. Outros órganos de asesoramento e xestión

#### TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

##### **CAPÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE**

###### *SECCIÓN 1ª. NATUREZA XURÍDICA, COMPOSICIÓN FUNCÍONS DA XUNTA DE FACULTADE*

- Artigo 7. Natureza e composición
- Artigo 8. Funcións
- Artigo 9. Delegación de funcións na Comisión Permanente da Xunta de Facultade

###### *SECCIÓN 2ª: FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE*

- Artigo 10. Normativa aplicable
- Artigo 11. Sesións
- Artigo 12. Convocatoria e orde do día
- Artigo 13. Dereito de asistencia ás sesións
- Artigo 14. Quórum de constitución en primeira e segunda convocatoria
- Artigo 15. Desenvolvemento das sesións
- Artigo 16. Adopción de acordos
- Artigo 17. Elaboración das actas
- Artigo 18. Execución, publicidade e certificación dos acordos

##### **CAPÍTULO II: DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE**

###### *SECCIÓN 1ª: NORMAS XERAIS*

- Artigo 19. Creación de comisións delegadas
- Artigo 20. Composición de comisións delegadas
- Artigo 21. Principio de presenza equilibrada de homes e mulleres
- Artigo 22. Normativa aplicable
- Artigo 23. Comunicación dos acordos
- Artigo 24. Avocación

###### *SECCIÓN 2.ª: DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE*

- Artigo 25. Natureza
- Artigo 26. Composición

Artigo 27. Competencias e acordos

*SECCIÓN 3ª: DA COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE GRAO DO GRAO EN DEREITO E DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS*

Artigo 28. Natureza

Artigo 29. Composición

Artigo 30. Competencias

*SECCIÓN 4ª: COMISIÓN DE RECOÑECEMENTO E VALIDACIÓNS*

Artigo 31. Natureza

Artigo 32. Composición

Artigo 33. Competencias

Artigo 34. Comunicación dos acordos

*SECCIÓN 5ª: DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS*

Artigo 35: Natureza

Artigo 36: Composición

Artigo 37. Competencias

**CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS DA FACULTADE**

*SECCIÓN 1ª DA DECANA OU DECANO*

Artigo 38. A Decana ou Decano: natureza e elección

Artigo 39. Funcións da Decana ou Decano

Artigo 40. Procedemento de revogación da Decana ou Decano: a moción de censura

Artigo 41. Substitución da Decana ou Decano

*SECCIÓN 2ª: DA SECRETARIA OU SECRETARIO, DAS VICEDECANAS E VICEDECANOS*

Artigo 42. Designación e competencias da Secretaria ou Secretario

Artigo 43. Substitución da Secretaria ou Secretario da Facultade

Artigo 44. Designación e competencias das Vicedecanas e Videcanos

Artigo 45. Procedemento de revogación da Secretaria ou Secretario da Facultade e das Vicedecanas e Vicedecanos da Facultade

**TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN DOCENTE DA FACULTADE**

**CAPÍTULO I. DAS COMISIÓNS ESPECÍFICAS NON DELEGADAS**

*SECCIÓN 1ª: DAS NORMAS XERAIS*

Artigo 46: Creación e composición das comisións específicas non delegadas

*SECCIÓN 2ª: DA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE*

Artigo 47. Natureza

Artigo 48. Composición

Artigo 49. Competencias

*SECCIÓN 3ª: DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS DOS MÁSTERES*

Artigo 50. Natureza, composición e competencias

*SECCIÓN 4ª: DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN*

Artigo 51. Natureza e composición

Artigo 52. Competencias

**CAPÍTULO II. DAS COORDINACIÓNS DE TITULACIÓN, DE IGUALDADE E DE NORMALIZACIÓN E POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

*SECCIÓN 1ª: DAS COORDINACIÓNS DOS TÍTULOS DE GRAO*

Artigo 53. As Coordinacións dos Títulos de Grao

Artigo 54. As funcións das Coordinacións dos Títulos de Grao

*SECCIÓN 2ª: DAS COORDINACIÓNS DOS TÍTULOS DE MÁSTER*

Artigo 55. As Coordinacións dos Títulos de Máster

Artigo 56. As funcións das Coordinacións dos Títulos de Máster

*SECCIÓN 3ª: DAS COORDINACIÓNS DE IGUALDADE E DE NORMALIZACIÓN E POLÍTICA LINGÜÍSTICA*

Artigo 57 . A Coordinación de Igualdade

Artigo 58. A Coordinación de Normalización e Política Lingüística

**CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOS TÍTULOS OFICIAIS COMPARTIDOS CON OUTROS CENTROS**

Artigo 59. Da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Artigo 60. Da Comisión de Coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo

Artigo 61. Da Comisión de coordinación do Programa de simultaneidade do dobre grao ADE-Dereito

**TÍTULO III. DOS MEDIOS PROPIOS DA FACULTADE PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES**

Artigo 62. Páxina web da Facultade e redes sociais

Artigo 63. Revista da Facultade

Artigo 64. Festividades da Facultade

Artigo 65. Distincións e nomeamentos

**TÍTULO IV. DA DELEGACIÓN DE ESTUDANTES DA FACULTADE**

Artigo 66. Da delegación de estudantes

**TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA XUNTA DE FACULTADE**

Artigo 67. Propostas de reforma

Artigo 68. Toma en consideración

Artigo 69. Emendas

Artigo 70. Aprobación pola Xunta de Facultade

Artigo 71. Aprobación definitiva e publicación  
Artigo 72. Aprobación doutras normas regulamentares

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Única. Derrogación normativa

**DISPOSICIÓN FINAL**

Única. Entrada en vigor

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

### **TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### Artigo 1. Finalidade do Regulamento

O presente regulamento ten como finalidade regular o funcionamento e réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo de conformidade co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e demais normativa aplicable.

#### Artigo 2. Identidade Institucional e sede da Facultade

1. A denominación oficial do centro é “Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo”. A Facultade ten a súa sede no Campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende).

2. A imaxe corporativa da Facultade, que deberá figurar cando se empregue o seu nome, respectará o previsto no Manual de Identidade Corporativa da Universidade de Vigo. Na imaxe corporativa deberá figurar en todo caso a denominación oficial da Facultade, non estando admitida a súa tradución a outros idiomas, de conformidade coa normativa de aplicación.

#### Artigo 3. Composición da Facultade

Forman parte da Facultade:

- a) O Persoal Docente e Investigador adscrito.
- b) O Estudantado matriculado en calquera dos ensinos impartidos na Facultade.
- c) O Persoal de Administración e Servizos pertencente ao ámbito xurídico-social e humanidades.

#### Artigo 4. Funcións da Facultade

As funcións da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo son as que lles atribúe o Estatuto da Universidade de Vigo e demais normativa aplicable. De conformidade coa mesma, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo asume tamén como funcións propias:

- a) Fomentar e coordinar o desenvolvemento de actividades académicas e culturais que contribúan á sensibilización xeral en materia de xustiza, dereitos humanos e relacións laborais.
- b) Contribuír ao aproveitamento social dos coñecementos propios dos ámbitos do saber das súas titulacións.

#### Artigo 5. Goberno da Facultade

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo actúa para o cumprimento dos seus fins a través dos seus órganos de goberno colexiados e unipersoais.

Son órganos de goberno colexiados a Xunta de Facultade e as súas Comisións Delegadas. Son órganos de goberno unipersoais a Decana ou Decano, a Secretaria ou Secretario, e as Vicedecanas ou Vicedecanos.

#### Artigo 6. Outros órganos de asesoramento e xestión

Para o cumprimento das súas funcións a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dótase dos seguintes órganos de asesoramento e xestión, que terán as funcións e competencias que lle atribúe este regulamento:

- a) Comisións específicas non delegadas da Xunta de Facultade.
- b) Coordinacións de Titulación, de Igualdade, e de Normalización e Política Lingüística.
- c) Órganos de Coordinación dos Títulos Oficiais compartidos con outros centros.

## **TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE**

### **CAPÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE**

#### *SECCIÓN 1ª. NATUREZA XURÍDICA, COMPOSICIÓN FUNCIONS DA XUNTA DE FACULTADE*

##### Artigo 7. Natureza e composición

1. A Xunta de Facultade é o órgano Colexiado de goberno e de representación e de decisión da comunidade universitaria que integra o Centro.

2. A Xunta de Facultade está composta pola Decana ou Decano, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos ao centro:

- a) Todo o Persoal Docente e Investigador-A.
- b) Unha representación do Persoal Docente e Investigador -B.
- c) Unha representación do alumnado.
- d) Unha representación do Persoal de Administración e Servizos.

O conxunto dos membros natos e electos deberá respectar de forma aproximada as seguintes porcentaxes de repartición: 51 % o PDI-A, 29 % o estudantado, 10 % o PAS e 10 % o PDI-B de conformidade co Estatuto da Universidade de Vigo.

3. A elección de Decana ou Decano e a designación de Vicedecanas ou Vicedecanos e a Secretaria ou Secretario da Facultade, rexeranse polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo Regulamento electoral xeral desta Universidade. A votación para elixir Decana ou Decano será nominal, e elixirase por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado e nin o voto por correo.

4. A elección de membros da Xunta de Facultade realizarase cada dous anos e rexerase polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo. Os membros da Xunta deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se admitirá a delegación de voto, nin voto anticipado nin e o voto por correo.

5. A condición de membro da Xunta de Facultade perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos establecidos para o sector polo cal se foi elixido. Os membros electivos da Xunta de Facultade que perdan a súa condición serán substituídos nos termos establecidos polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo.

##### Artigo 8. Funcións da Xunta de Facultade

Son funcións da Xunta de Facultade:

a) Elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu Regulamento de réxime interno e doutros regulamentos de carácter organizativo considerados necesarios.

b) Elixir e revogar a Decana ou Decano.

c) Aprobar a proposta de distribución do orzamento anual do centro e a súa execución.

d) Implantar e seguir os plans de estudos.

e) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.

f) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, e a distribución de aulas e servizos e de ensinanzas complementarias.

g) Habilitar medidas de control para cumprir as obrigas docentes.

h) Distribuír os espazos que lle sexan asignados.

i) Aprobar e executar o sistema de garantía de calidade.

l) A xestión ordinaria das titulacións de grao, incluídas as titulacións de grao adscritas á Facultade dos programas conxuntos de estudos oficiais de grao e sen prexuízo das competencias das comisións de coordinación dos programas.

m) O nomeamento dos membros honoríficos do claustro de profesores do Centro previa proposta, segundo o procedemento que estableza o Decanato, das áreas con docencia nos respectivos Graos.

n) Aquelas outras que se lle poidan atribuír segundo os Estatutos da Universidade de Vigo e outra normativa vixente.

#### Artigo 9. Delegación de funcións na Comisión Permanente da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade pode delegar na súa Comisión Permanente as funcións que non lle reservan expresamente os Estatutos da Universidade de Vigo e demais normativa de aplicación.

2. A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a temporalidade da mesma se derive da propia natureza da delegación.

3. A Xunta de Facultade pode revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

### *SECCIÓN 2ª: FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE*

#### Artigo 10. Réxime

O funcionamento do Pleno da Xunta rexerese polo presente Regulamento de réxime interno de acordo coas normas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

#### Artigo 11. Sesións

1. A Xunta de Facultade reunirse como mínimo dúas veces por curso académico en sesión ordinaria, e en sesión extraordinaria cando a convoque a Decana ou Decano, pola súa propia iniciativa ou a proposta do trinta por cento dos membros da mesma.

2. Neste último caso, a proposta debidamente subscripta polos seus promotores dirixirase á Decana ou Decano expoñendo os asuntos que deban tratarse na devandita sesión. A Decana ou Decano deberá convocar a Xunta de Facultade dentro dos dez días hábiles seguintes á recepción da solicitude, incluíndo na orde do día os asuntos propostos polos promotores da convocatoria.

#### Artigo 12. Convocatoria e orde do día

1. A Secretaria ou Secretario da Facultade convocará as sesións da Xunta de Facultade por orde decanal.

2. A convocatoria incluírá o día e hora, o lugar de celebración e a orde do día da sesión.

3. Para que a convocatoria teña efecto teráselles que comunicar a todos os membros do órgano cunha antelación mínima de dous días hábiles. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a súa disposición coa mesma antelación.

4. As sesións extraordinarias serán convocadas cunha antelación mínima de vinte e catro horas.

5. A convocatoria enviarase por medios telemáticos e de xeito individualizado para cada membro da Xunta de Facultade.

6. A Xunta de Facultade reunirse nas instalacións da Facultade en días e horas lectivos, sen suspender as actividades docentes. Tamén se poderán celebrar e/ou asistir ás sesións da Xunta de Facultade a través do campus remoto cando estea debidamente xustificado.

7. A Decana ou Decano fixará a orde do día, asistida polos demais membros do equipo decanal. Tamén deberán incluírse os puntos solicitados por escrito polo trinta por cento dos membros da Xunta de Facultade.

8. As convocatorias deberán determinar con claridade e precisión os asuntos a tratar na sesión, así como o día e a hora, e o lugar da súa celebración.

9. A orde do día das sesións ordinarias deberá incluír un punto para a aprobación da acta ou actas da sesión ou sesións anteriores, e como último punto a rolda aberta de intervencións. A orde do día das sesións extraordinarias non requirirá a inclusión da aprobación da acta da sesión anterior, nin do punto relativo á rolda aberta de intervencións.



10. No caso das sesións que se celebren de forma telemática deberán precisarse as condicións nas que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares nos que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

11. As persoas invitadas a participar na sesión que non sexan membros do órgano colexiado prestarán o seu consentimento expreso para a gravación da súa voz/imaxe, en caso contrario deberán entrar como oíntes co micrófono apagado e participar a través do chat, sen prexuízo da previa comprobación da súa identidade pola Secretaria ou Secretario.

#### Artigo 13. Dereito de asistencia ás sesións

1. As sesións da Xunta da Facultade estarán abertas a todos os membros da Facultade, habilitándose a estes efectos prazas perfectamente delimitadas e separadas entre os membros do órgano e o público non pertencente á Xunta de Facultade.

2. Tras o acordo da Xunta da Facultade, poderanse convidar a que participen con voz pero sen voto a persoas da comunidade universitaria alleas ao órgano que estean interesadas en asuntos específicos e que poidan resultar afectadas por eles.

3. Non se permitirá introducir na sala onde teñan lugar as sesións ningunha clase de aparello de gravación, salvo que a Xunta de Facultade o autorice expresamente.

#### Artigo 14. Quórum de constitución en primeira e segunda convocatoria

1. Para a válida constitución da Xunta, en primeira convocatoria, será necesaria a presenza da metade máis un dos seus membros incluídos a Decana ou Decano, a Secretaria ou Secretario da Facultade ou quen os substitúan.

2. Se non houbera quórum, a Xunta constituirase en segunda convocatoria media hora despois da hora sinalada para a primeira, sempre que estean presentes a terceira parte dos seus membros incluídos a Decana ou Decano, a Secretaria ou Secretario da Facultade ou quen os substitúan.

3. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, convocarase unha nova sesión que deberá celebrarse nun prazo máximo de quince días hábiles.

#### Artigo 15. Desenvolvemento das sesións

1. A Decana ou Decano ou quen faga as súas veces, presidirá o pleno da Xunta interpretando o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión, e actuará asistida/o dunha Mesa integrada pola Secretaria ou Secretario e as Vicedecanas ou Vicedecanos.

2. Corresponde á Decana ou Decano, no exercicio da presidencia da Xunta de Facultade, a apertura da sesión.

3. A Decana ou Decano dirixirá e ordenará os debates, poderá fixar o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención.

4. Os membros da Xunta teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera punto da orde do día, sen que ninguén poida ser interrompido cando fale, senón para ser chamado á orde pola Decana ou Decano, ou para cingirse ao tema.

5. A Decana ou Decano chamará á orde aos membros da Xunta de Facultade:

a) Cando nas súas intervencións profiran palabras groseiras ou ofensivas para os membros da Xunta de Facultade, para terceiros ou para institucións.

b) Cando alteren a orde dos debates con interrupcións ou de calquera outro xeito.

6. A Decana ou Decano, co acordo da mesa, poderá expulsar da sala o membro da Xunta de Facultade que chame á orde tres veces na mesma sesión. Se este se negase a abandonar a sala, suspenderíase a sesión para continua-la deseguido sen a súa presenza.

7. A Decana ou Decano advertirá aos membros da Xunta de Facultade para que se axusten ao tema ben por digresións alleas ao punto debatido, ben por volveren sobre o xa discutido e aprobado. Despois de dúas chamadas para se cingir ao tema, a Decana ou Decano poderalle retirar o uso da palabra á persoa que estea a falar.

8. Logo de transcorrido o prazo concedido para a intervención, a Decana ou Decano retiralle o uso da palabra ao membro da Xunta de Facultade que estea a falar, despois de convidalo en dúas ocasións a concluír.

9. A Decana ou Decano concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo que estime necesario.

#### Artigo 16. Adopción de acordos

1. Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta, salvo que para determinadas cuestións o Regulamento ou unha norma de rango superior esixa outra maioría.

2. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estivesen presentes un terzo dos membros da Xunta.

3. As votacións poderán realizarse por asentimento coa proposta formulada, poderán ser públicas votando a man alzada, ou necesariamente secretas cando así o solicite algún membro presente na Xunta ou cando afecten nominalmente a persoas, non admitindo a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo, consonte coas disposicións reguladoras da elección a membro da Xunta de Facultade.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia daquel polo voto favorable da maioría.

5. Os acordos da Xunta de Facultade non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de recurso de alzada ante o Reitor ou Reitora, de conformidade coa normativa de aplicación.

#### Artigo 17. Elaboración das actas

1. A Secretaria ou Secretario da Facultade, que exercerá a secretaría da Xunta de Facultade, redactará a acta de todas as sesións. No caso de que non puidese asistir a unha sesión, a Decana ou Decano designará un dos membros do órgano para que a/o substitúa.

2. En cada acta figurarán inescusablemente:

- a) O día e a hora, e o lugar en que tivo lugar a sesión.
- b) O carácter ordinario ou extraordinario da mesma.
- c) As persoas asistentes nominalmente designadas e as ausencias xustificadas.
- d) A orde do día.
- e) Os puntos principais das deliberacións.

f) O texto literal dos acordos adoptados, coa indicación do sistema de votación empregado e o resultado desta.

3. Na redacción das actas prestarase atención ao principio de minimización dos datos persoais evitando incorporar datos innecesarios ou impertinentes, de conformidade coa normativa de aplicación.

4. Así mesmo, na acta incluíranse as mencións relacionada cos puntos da orde día que os membros da Xunta desexen que consten expresamente. En particular, os membros teñen dereito a que figure o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do voto favorable.

5. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinale a Decana ou Decano, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención. O texto incorporárase á acta ou achegarase unha copia do mesmo a esta.

6. As sesións de Xunta de Facultade poderán ser gravadas. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaria ou Secretario, poderán acompañar ás actas das sesións.

7. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade coas modificacións que propoñan os membros do órgano e que sexan aprobadas por este.

A este efecto, a Secretaria ou Secretario remitirá a acta xunto coa convocatoria e o resto da documentación que corresponde, polo menos dous días hábiles, antes da sesión onde se propoña a súa aprobación.

8. As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no libro de actas, que quedará baixo a custodia da Secretaria ou Secretario que permitirá a súa consulta a calquera membro da Facultade.

#### Artigo 18. Execución, publicidade e certificación dos acordos

1. É competencia da Decana ou Decano ou da Vicedecana ou Vicedecano en quen delegue executar os acordos da Xunta de Facultade.

2. O Secretario ou Secretaria da facultade publicará, no prazo de catro días hábiles tras a finalización da sesión da Xunta de Facultade, unha nota informativa dos acordos adoptados na páxina web da Facultade.

3. Cando veña esixido pola normativa ou polo propio acordo, a Secretaria ou Secretario da Facultade comunicaralles por escrito os acordos da Xunta de Facultade aos órganos competentes da Universidade.

4. As certificacións expedidas pola Secretaria ou Secretario da Facultade darán fe dos acordos e propostas adoptadas pola Xunta de Facultade.

5. As certificacións poderán expedirse por:

a) orde da Decana ou Decano,

b) por solicitude de órgano competente,

c) solicitude de calquera membro da Xunta de Facultade,

d) solicitude das persoas interesadas. Neste caso, as certificacións só incluírán a parte do acordo que afecte ao solicitante.

6. As certificacións incluírán o texto íntegro do acordo e a data da sesión en que se aprobou. Nas emitidas con anterioridade á aprobación da acta da sesión respectiva farase constar expresamente tal circunstancia.

## **CAPÍTULO II: DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE**

### *SECCIÓN 1ª: NORMAS XERAIS*

#### Artigo 19. Creación de comisións delegadas

1. A Xunta de Facultade poderá crear cantas comisións delegadas como estime necesarias.

2. Os acordos de creación de comisións delegadas expresarán o carácter específico ou estable destas, a súa composición e as competencias decisorias, asesoras ou de proposta e informe que a Xunta de Facultade delegue nelas.

3. As comisións delegadas poderán aprobar o seu propio réxime de funcionamento de acordo co presente regulamento e co resto da normativa aplicable na Universidade de Vigo. A Comisión de Garantía Interna de Calidade validará o proxecto de reforma antes de que este sexa aprobado.

#### Artigo 20. Composición de comisións delegadas

1. A composición de comisións delegadas respectará as mesmas porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade. Se polo número total de membros dunha comisión algún sector non puidese obter representación, terá dereito a unha representación con voz pero sen voto. Os membros natos das comisións delegadas computarán dentro do sector ao que pertencen.

2. Só poden ser membros das comisións delegadas os membros da Xunta de Facultade.

3. Os membros de cada sector da comunidade universitaria elixirán os membros das comisións delegadas no seo da Xunta de Facultade. Cada elector ou electora só poderá votar, como máximo, un

número de candidatos e candidatas equivalente ao 70 %, ou ao número enteiro máis próximo do número de postos que o seu sector deba cubrir.

4. A renovación dos membros electivos das comisións delegadas realizarase na primeira sesión ordinaria da Xunta de Facultade que teña lugar tras a proclamación definitiva dos resultados da elección dos representantes na Xunta de Facultade do sector da comunidade universitaria ao que pertencen. Os membros electivos das comisións delegadas que sexan membros natos da Xunta de Facultade renovarase na primeira sesión ordinaria da Xunta de Facultade que teña lugar tras a sesión extraordinaria convocada para elixir Decana ou Decano. Tamén renovarán os membros electivos das comisións delegadas nos casos de finalización anticipada do mandato dalgún deles, afectando a renovación só ao posto vacante.

#### Artigo 21. Principio de presenza equilibrada de homes e mulleres

Na composición de todos os órganos colexiados tenderase a manter o principio de presenza equilibrada de homes e mulleres.

#### Artigo 22. Normativa aplicable

Serán de aplicación subsidiaria ás comisións delegadas e a outros órganos colexiados, as disposicións legais contidas no Capítulo I relativo a Xunta de Facultade, coas seguintes modificacións:

1.º Os presidentes ou presidentas das comisións exercerán as competencias que se lle atribúen á Decana ou Decano. Do mesmo xeito, a Secretaria ou Secretario das comisións exercerán as competencias que se atribúan á Secretaria ou Secretario da Facultade.

2.º Os presidentes ou presidentas das comisións exercerán as funcións da mesa das sesións previstas no artigo 12.1 deste Regulamento co asesoramento dos secretarias ou secretarios destas.

3.º As votacións realizaranse de maneira nominal e, salvo que a normativa específica aplicable determine outra cousa, será secreta sempre que o solicite calquera dos membros das comisións. Os demais dereitos e obrigas dos membros das devanditas comisións serán os correspondentes aos membros da Xunta de Facultade.

#### Artigo 23. Comunicación dos acordos

As secretarias ou secretarios comunicaranlle os acordos das comisións delegadas e dos outros órganos colexiados á Secretaria ou Secretario da Facultade por escrito. Estes publicaranse no taboleiro oficial de anuncios da Facultade e daráselle a publicidade complementaria que se considere oportuna en cada caso.

#### Artigo 24. Avocación

A Xunta de Facultade poderá recuperar para si en calquera momento o coñecemento dos asuntos que lle correspondan, de conformidade coa normativa de aplicación.

### *SECCIÓN 2.ª: DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE*

#### Artigo 25. Natureza

A Comisión Permanente é unha comisión delegada da Xunta de Facultade con ámbito de competencia xeral.

#### Artigo 26. Composición

O número de membros da Comisión Permanente decidirase por acordo da Xunta de Facultade. Formarán parte dela como membros natos a Decana ou Decano, as Vicedecanas ou Vicedecanos, e a Secretaria ou Secretario da facultade, que exercerá a secretaría da comisión, e o número total dos seus integrantes completarse de maneira que se respecten de xeito aproximado as porcentaxes de

representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade, nos termos establecidos no artigo 20 do Regulamento.

#### Artigo 27. Competencias e acordos

A Comisión Permanente poderá coñecer e decidir, sen necesidade de delegación expresa, sobre os asuntos regrados de trámite. Exercerá, asemade, cantas competencias lle delegue expresamente a Xunta de Facultade ou lle atribúan este regulamento e normas de rango superior.

Os acordos da Comisión Permanente serán comunicados á Xunta de Facultade na sesión inmediata.

### *SECCIÓN 3ª: DA COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE GRAO DO GRAO EN DEREITO E DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS*

#### Artigo 28. Natureza

A Comisión de Traballos Fin de Grao do grao en Dereito e do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos é unha comisión delegada da Xunta de Facultade de carácter estable e ámbito de competencia circunscrito as cuestións relativas ao Traballo Fin de Grao.

#### Artigo 29. Composición

1. A Comisión estará integrada pola Decana ou Decano ou membro do equipo decanal en quen delegue, a Secretaria ou Secretario do Centro, quen actuará como secretario ou secretaria da Comisión, as Coordinadoras ou Coordinadores dos Graos de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos e os seguintes membros nomeados pola Xunta de Facultade:

a) Dous profesores ou profesoras a tempo completo con docencia maioritaria no Centro -un de cada Grao-, a proposta do Decanato.

b) Dous representantes do alumnado -un de cada Grao-, propostos polos representantes estudiantís de cada respectivo Grao.

c) Un representante do persoal de administración e servizo proposto polo Decanato.

2. Ao inicio de cada curso académico, no seu caso, renovaranse os membros da Comisión que non cumpran os requisitos para formar parte da mesma.

#### Artigo 30. Competencias

1. Resolver as dúbidas que poidan xurdir ao aplicar e/ou interpretar a normativa interna do Centro para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e do Traballo Fin de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

2. Propor á Xunta de Facultade os Tribunais avaliadores de TFG de cada un dos Graos, que actuarán en todas as convocatorias de cada curso académico

3. Analizar e resolver, no prazo máximo de dez días hábiles, calquera conflito na titorización dos TFG, tanto na asignación do titor ou titora ou do alumnado, como na asignación de proposta temática.

4. Calquera outra que na materia específica de TFG lle delegue a Xunta de Centro, calquera outro órgano da Facultade ou que lle atribúan este regulamento ou normas de superior rango.

### *SECCIÓN 4ª: COMISIÓN DE RECOÑECIMENTO E VALIDACIÓNS*

#### Artigo 31. Natureza

A Comisión de Recoñecementos e Validacións é unha comisión delegada da Xunta de Facultade de carácter estable e con ámbito de competencia circunscrito ás validacións e adaptacións.

#### Artigo 32. Composición

1. A Xunta de Facultade decidirá o número de membros da Comisión de Recoñecementos e Validacións de xeito que se respecten aproximadamente as porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a propia Xunta de Facultade, nos termos esixidos no artigo 20 do presente Regulamento.

2. En todo caso formará parte da Comisión de Recoñecementos e Validacións con a condición de membro nato a Xefa ou Xefe da Área Académica de estudos de Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou persoa en quen delegue.

#### Artigo 33. Competencias

A Comisión de Recoñecementos e Validacións será competente para tratar todos os asuntos que, ao seren competencia da Xunta de Facultade, estean directamente relacionados coas validacións e adaptacións.

Exercerá, asemade, cantas competencias da citada índole lle delegue de forma expresa a Xunta de Centro, calquera outro órgano da Facultade ou lle atribúan este regulamento ou normas de superior rango.

#### Artigo 34. Comunicación dos acordos

Os acordos de recoñecementos e validacións terán publicidade, de conformidade co sinalado neste Regulamento. Os acordos tomados en virtude dunha solicitude realizada por unha interesada interesado serán notificados individualmente.

### *SECCIÓN 5ª: DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS*

#### Artigo 35: Natureza

A Comisión de Relacións Internacionais é un órgano colexiado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, de carácter estable e de tipo consultivo, nomeado pola Xunta de Centro conforme ao disposto no Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo.

#### Artigo 36: Composición

Esta Comisión estará presidida pola Decana ou Decano ou persoa en quen delegue, pola Coordinadora ou Coordinador de relacións internacionais que exercerá as funcións de secretario, cinco membros do PDI nos que estarán incluídos a persoa responsable SICUE e a persoa responsable ISEP e dous estudantes que representarán, respectivamente, ao grao en Dereito e ao grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

#### Artigo 37. Competencias

Son funcións da comisión de relacións internacionais do centro as seguintes:

- a) Informar sobre os contratos de estudos do estudantado saínte.
- b) Asesorar e informar á persoa responsable das relacións internacionais do centro sobre os procedementos de avaliación e cualificación das estadías do estudantado saínte.
- c) Facer propostas de mobilidade, como a sinatura de novos acordos ou a modificación dos existentes, no marco de programas de mobilidade internacional en que participe o centro.
- d) Informar sobre os procesos de selección do estudantado e sobre a avaliación das súas estadías.
- e) Propoñer os criterios de selección de estudantado saínte ás universidades receptoras.
- f) Asesorar á dirección do centro e a persoa responsable das relacións internacionais sobre calquera outro tema relacionado coas relacións internacionais e os programas de mobilidade que se sometan á súa consideración.

### **CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS DA FACULTADE**

## SECCIÓN 1ª: DA DECANA OU DECANO

### Artigo 38. A Decana ou Decano: natureza e elección

1. A Decana ou Decano representa o centro e exerce as función de dirección e de xestión ordinaria deste.

2. A Xunta de Facultade reunida en sesión extraordinaria elixirá á Decana ou Decano entre o profesorado adscrito ao centro con vinculación permanente á Universidade, durante un período de tres anos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

3. Unha vez concluído o mandato electoral de quen ocupe o decanato ou producido o seu cesamento por pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido ou por aprobación dunha moción de censura, abrirase o procedemento electoral axustándose ao previsto no Regulamento electoral xeral da Universidade.

### Artigo 39. Funcións da Decana ou Decano

A Decana ou Decano asistido polo seu equipo é responsable da dirección e da xestión do centro e ten as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación do centro.
- b) Convocar e presidir a xunta de centro e outros órganos colexiados do centro que se determinen regulamentariamente.
- c) Executar os acordos da xunta de centro.
- d) Supervisar o funcionamento dos servizos do centro.
- e) Dirixir a xestión ordinaria do centro.
- f) Proporlle á reitora ou reitor a apertura dun informe previo a calquera membro do centro.
- g) Garantir o cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Fomentar a realización de actividades formativas e de transferencia.
- i) Todas as que se correspondan con funcións do centro que non estean atribuídas a outros órganos e outras que lle atribúan a normativa vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.

### Artigo 40. Procedemento de revogación da Decana ou Decano: a moción de censura

1. A moción de censura contra a Decana ou Decano deberá presentarse por escrito coas sinaturas de polo menos un terzo dos membros do órgano colexiado que o elixiu, e deberá incluír un candidato ou candidata alternativa.

2. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, a Decana ou Decano convocará unha Xunta de Facultade extraordinaria con este único punto da orde do día nun prazo máximo de quince días hábiles.

3. A Xunta de Facultade estará presidida polo docente de máis antigüidade segundo a prelación de corpos docentes. O desenvolvemento da sesión axustarse ao previsto no regulamento electoral xeral desta Universidade.

4. Tanto a persoa candidata proposta coma a titular do órgano disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. Deseguido, abrirase unha rolda de preguntas por parte dos membros da xunta, cun prazo máximo de duración de trinta minutos e, rematada a rolda de preguntas e intervencións, votarase. A votación será nominal e secreta.

5. A proposta votarase e entenderase aprobada se obtén o voto favorable, como mínimo, de dous terzos da totalidade dos membros do órgano colexiado.

6. Se a moción de censura non se aprobase, de conformidade coas disposicións legais indicadas, as persoas asinantes non poderán presentar outra moción ata que transcorra un ano de prazo desde a data da votación perdida. Se a moción se aprobase, proclamarase Decano ou Decana electa á persoa proposta na moción de censura, e o anterior titular enviaralle a proposta de nomeamento da nova persoa ao Reitora ou Reitor.



**Artigo 41. Substitución da Decana ou Decano**

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a Decana ou Decano será substituído pola Vicedecana ou Vicedecano que designe.

**SECCIÓN 2ª: DA SECRETARIA OU SECRETARIA, DAS VICEDECANAS E VICEDECANOS**

**Artigo 42. Designación e competencias da Secretaria ou Secretario**

A Decana ou Decano designará á Secretaria ou Secretario entre o persoal da Facultade, que será nomeado pola Reitora ou Reitor.

Correspóndelle á Secretaria ou Secretario dar fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno do centro, custodiar os seus libros de actas así como todas as que lles atribúa este regulamento, os estatutos da Universidade ou a normativa superior aplicable.

**Artigo 43. Substitución e da Secretaria ou Secretario da Facultade**

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a Decana ou Decano será substituído pola Vicedecana ou Vicedecano que designe. Nos mesmos supostos, as competencias atribuídas á Secretaria ou Secretario da Facultade serán exercidas pola persoa nomeada pola Decana ou Decano para substituíla, sen prexuízo do disposto no artigo 15.1, para os casos en que non puidese asistir a unha sesión da Xunta da Facultade.

**Artigo 44. Designación e competencias das Vicedecanas e Vicedecanos**

A Decana ou Decano designará ás Vicedecanas e Vicedecanos os que serán nomeados pola Reitora ou Reitor. Estes membros do equipo de dirección actuarán coas competencias e coas funcións que lles delegue a Decana ou Decano así como todas as que lles atribúa este Regulamento os estatutos da Universidade ou a normativa superior aplicable.

**Artigo 45. Procedemento de revogación da Secretaria ou Secretario da Facultade e das Vicedecanas e Vicedecanos da Facultade**

A Decana ou Decano da Facultade poderá destituír un ou máis membros do seu equipo, que serán revogados pola Reitora ou Reitor. Asemade, a Decana ou Decano designará as novas Vicedecanas ou Vicedecanos ou á Secretaria ou Secretario para o seu nomeamento reitoral.

**TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN DOCENTE DA FACULTADE**

**CAPÍTULO I. DAS COMISIÓNS ESPECÍFICAS NON DELEGADAS**

***SECCIÓN 1ª: DAS NORMAS XERAIS***

**Artigo 46: Creación e composición das comisións específicas non delegadas**

1. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo disporá de comisións específicas non delegadas constituídas como órganos colexiados co fin de realizar labores de asesoramento e xestión docente da Facultade.

2. A creación das comisións específicas non delegadas da Facultade realizarase de acordo co previsto na normativa específica que os preveña e seranlles de aplicación as normas xerais contidas nos artigos 21 a 24 presente Regulamento.

3. As comisións específicas non delegadas poderán aprobar o seu propio réxime de funcionamento de acordo co presente regulamento e co resto da normativa legal e regulamentaria aplicable na



Universidade de Vigo. En todo caso, antes de aproballo, a Comisión de Garantía interna de Calidade validará o proxecto de reforma.

4. Cada unha das comisións específicas non delegadas da Facultade terá a composición que determine este regulamento e a súa normativa específica. Neles só existirán as previsións de representatividade que esixa a súa normativa específica.

#### *SECCIÓN 2ª: DA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE*

##### Artigo 47. Natureza

A Comisión de Garantía Interna de Calidade, é o órgano colexiado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, de carácter estable, nomeado pola Xunta de Centro coa representación dos distintos grupos de interese e das persoas implicadas na actividade docente das titulacións do centro, ao que lle corresponde a titularidade das competencias que lle atribúen o presente regulamento e o Manual de calidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

##### Artigo 48. Composición

1. A Comisión de Garantía interna de Calidade deberá ter unha composición equilibrada entre mulleres e homes, e formarán parte dela membros natos e non natos.

Integraranse como membros natos:

- Decana ou Decano do centro, que a preside.
- Coordinadora ou Coordinador de calidade que exercerá as funcións de secretaria/o.
- Coordinadora ou Coordinador de cada unha das titulacións de grao do centro.
- Coordinadora ou Coordinador de cada unha das titulacións de Máster do centro.
- A Coordinadora ou Coordinador de igualdade e a coordinadora ou coordinador de normalización lingüística que a tamén actuarán en representación do profesorado do Centro

Serán membros non natos:

- Unha persoa representante do estudantado do grao.
- Unha persoa representante do estudantado de 2º ou 3º ciclo.
- Unha persoa representante do estudantado egresado.
- Unha persoa representante do PAS do Centro.
- Unha persoa representante da sociedade.

2. As persoas representantes do estudantado dos graos, de 2º e 3º ciclo, así como a persoa representante do PAS deberán formar parte da Xunta de Facultade e serán propostas á Comisión de Calidade polo propio estamento ao que pertencen.

3. Todas as persoas integrantes da Comisión de Garantía Interna de Calidade como membros non natos serán nomeados pola Xunta de Facultade a proposta da Comisión de Garantía Interna de Calidade.

4. Cando concorran nun mesmo membro nato unha dobre condición pola que deban pertencer á Comisión de Calidade, poderá designarse outra persoa para un dos postos que lle correspondan.

5. Poderán participar nas reunións da Comisión de Garantía Interna de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou representantes de titulacións concretas, cando o seu asesoramento ou participación se estimen oportunos e así se faga constar na convocatoria.

##### Artigo 49. Competencias

A Comisión de Garantía Interna de Calidade será competente para:

- a) Debater e validar se procede a proposta da política e os obxectivos de calidade.
- b) Debater e validar se procede a proposta do manual de calidade e os procedementos do SGIC do centro.

- c) Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e titulacións adscritas, así como propoñer as melloras pertinentes.
- d) Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.
- e) Aprobar o calendario de accións de calidade a desenvolver durante o curso académico.
- f) Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos departamentos e outros órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- g) Participar activamente en todos os procesos académicos relativos á oferta formativa do centro (novas titulacións, modificación, suspensión ou extinción das existentes), elaborando un informe valorativo se o consideran oportuno ou é procedente de acordo coa normativa vixente.
- h) Intercambiar, debater e propoñer a participación do centro en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.
- i) Exercer, asemade, cantas competencias lle correspondan por atribución normativa ou por delegación da Xunta de Facultade.

### *SECCIÓN 3ª: DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS DOS MÁSTERES*

#### Artigo 50. Natureza, composición e competencias

Por cada Máster oficial adscrito á Facultade existirá con carácter estable unha comisión académica, coa composición e competencias sobre o título que se determine de acordo coa normativa da Universidade de Vigo sobre programas oficiais de posgrao.

### *SECCIÓN 4ª: DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN*

#### Artigo 51. Natureza e composición

1. Por cada titulación da Facultade haberá unha comisión de compensación coa seguinte composición tendo en conta a paridade de mulleres e homes:

- a) A Decana ou Decano ou persoa coordinadora da titulación na que delegue, que a presidirá.
- b) Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia na titulación.
- c) Un ou unha vogal que represente ao estudantado nalgún consello dos departamentos implicados ou na xunta do Centro correspondente.

2. A elección ou designación das persoas que formen a Comisión realizarase ao comezo do ano académico e renovarase anualmente.

3. Non poderá formar parte da Comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. De se lo caso, este deberá ser substituído por outra ou outra docente designada polo centro.

#### Artigo 52. Competencias

1. É función da Comisión de Avaliación por compensación avaliar en conxunto a traxectoria académica e o labor realizado por un ou unha estudante ao final dos seus estudos para determinar se acadou os suficientes coñecementos e competencias que lle permitan obter a titulación académica á que opta, compensando materias que non teña superadas.

2. Esta solución aplicaráselle a todo o alumnado que cumpra os requisitos que se indican na normativa de avaliación por compensación en estudos de Grao da Universidade de Vigo.

## **CAPÍTULO II. DAS COORDINACIÓNS DE TITULACIÓN, DE IGUALDADE E DE NORMALIZACIÓN E POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

### *SECCIÓN 1ª: DAS COORDINACIÓNS DOS TÍTULOS DE GRAO*

#### Artigo 53. As coordinacións dos Títulos de Grao

1. Por cada un dos Títulos de Grao que se imparten na Facultade existirá unha persoa Coordinadora do Título que será designada, entre o Persoal Docente e Investigador a tempo completo con docencia no respectivo Grao, pola Decana ou Decano.
2. A Coordinación do Grao en Dereito, do Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do dobre Grao ADE-Dereito non poderán recaer na mesma persoa.
3. A persoa coordinadora de cada titulación terá a redución docente que lles asigne a Xunta de Facultade a proposta da Decana ou Decano do Centro.

#### Artigo 54. As funcións das Coordinacións dos Títulos de Grao

1. En materia de organización docente son funcións da Coordinación de Grao, en cadansúa titulación:
  - a) Impulsar e dirixir anualmente a elaboración das Guías de Titulación.
  - b) Supervisar o cumprimento das Guías Docentes e detectar posibles irregularidades na súa aplicación.
  - c) Elaborar anualmente a proposta de horarios de clase e do calendario de exames.
  - d) Solicitar ás coordinadoras ou coordinadores de materia de cada Grao a remisión do cronograma de actividades docentes a desenvolver no cuadrimestre correspondente.
  - e) Desempeñar calquera outra que lle poida encomendar o equipo decanal do Centro ou a Xunta de Facultade, sempre en aspectos relacionados directamente coa docencia da respectiva titulación.
2. En materia de calidade, son funcións da Coordinación de Grao, en cadansúa titulación:
  - a) Velar polo cumprimento dos requisitos da lexislación e normativa vixente en relación coas titulacións, en particular a que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e, máis concretamente nos aspectos ligados ás esixencias da memoria para a solicitude de verificación, entre as que se inclúen as do sistema de garantía de calidade, e o seguimento e renovación da acreditación das titulacións.
  - b) Colaborar coa dirección do centro e, en particular, coa persoa coordinadora de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade na súa titulación.
  - c) Aplicar mecanismos de avaliación, implantación e seguimento das melloras da titulación establecidos pola Comisión de Calidade no marco do SGIC.
  - d) Redactar ao remate cada curso académico un Informe das actividades, reunións e comunicacións realizadas no devandito período así como das incidencias no desenvolvemento da docencia e as súas posible solucións.

### *SECCIÓN 2ª: DAS COORDINACIÓNS DOS TÍTULOS DE MÁSTER*

#### Artigo 55. As coordinacións dos Títulos de Máster

1. Por cada un dos Títulos de Máster adscritos á Facultade, existirá unha persoa Coordinadora do Título que será elixida, entre o Persoal Docente e Investigador a tempo completo con docencia no respectivo Máster, pola Xunta de Facultade.
2. Correspóndelle á persoa Coordinadora do Máster, en cadansúa titulación, a presidencia da Comisión Académica específica á que se lle atribúe a xestión ordinaria do funcionamento do título, de conformidade cos Estatutos da Universidade de Vigo.

#### Artigo 56. As funcións das Coordinacións dos Títulos de Máster

1. En materia de organización docente son funcións da Coordinación dos Másters:
  - a) Impulsar e dirixir anualmente a elaboración das Guías da Titulación.

b) Supervisar o cumprimento das Guías Docentes e detectar posibles irregularidades na súa aplicación.

c) Elaborar anualmente a proposta de horarios de clase e do calendario de exames.

d) Solicitar ás coordinadoras ou coordinadores de materia de cada Máster a remisión do cronograma de actividades docentes a desenvolver no cuadrimestre correspondente.

e) Desempeñar calquera outra que lle poida encomendar o equipo decanal do Centro ou a Xunta de Facultade, sempre en aspectos relacionados directamente coa docencia da respectiva titulación.

2. En materia de calidade, son funcións da persoa Coordinadora do Máster:

a) Velar polo cumprimento dos requisitos da lexislación e normativa vixente en relación coas titulacións, en particular a que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e, máis concretamente nos aspectos ligados ás esixencias da memoria para a solicitude de verificación, entre as que se inclúen as do sistema de garantía de calidade, e o seguimento e renovación da acreditación das titulacións.

b) Colaborar coa dirección do centro e, en particular, coa persoa coordinadora de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade na súa titulación.

c) Aplicar mecanismos de avaliación, implantación e seguimento das melloras da titulación establecidos pola Comisión de Calidade no marco do SGIC.

### *SECCIÓN 3ª: DAS COORDINACIÓNS DE IGUALDADE E DE NORMALIZACIÓN E POLÍTICA LINGÜÍSTICA*

#### Artigo 57 . Da Coordinación de Igualdade

1. A persoa Coordinadora de Igualdade, que deberá formar parte do persoal docente e investigador da Facultade con dedicación a tempo completo, será designada pola Decana ou Decano, quen dará conta da súa designación á Xunta de Facultade.

2. Son funcións da Coordinación de Igualdade:

a) Representar á Facultade, a petición da Decana ou Decano, en asuntos relativos á igualdade entre mulleres e homes.

b) Contribuír á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no desenvolvemento das actividades propias da Facultade, e fomentar o coñecemento do alcance e significado do principio de igualdade de xénero.

c) Velar polo emprego dunha linguaxe inclusiva e de imaxes non estereotipadas nas actividades desenvolvidas na Facultade, así como na súa política de comunicación.

d) Servir de enlace coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e colaborar con ela no cumprimento dos seus obxectivos, así como manter contactos cos diversos organismos e institucións encargados de promover a igualdade de xénero.

e) Dar publicidade dentro da Facultade ás convocatorias de axudas, premios ou eventos formativos e culturais da Universidade de Vigo ou doutros organismos ou institucións en materia de igualdade, así como impulsar actividades de sensibilización ou posicionamentos institucionais en relación con esta materia.

f) Todas as demais funcións que lle sexan atribuídas ou delegadas de forma expresa polas autoridades administrativas con competencia para elo.

#### Artigo 58. Da Coordinación de Normalización e Política Lingüística

1. A persoa Coordinadora de Normalización e Política Lingüística, que deberá formar parte do persoal docente e investigador da Facultade con dedicación a tempo completo, será designada pola Decana ou Decano, quen dará conta da súa designación á Xunta de Facultade.

2. Son funcións da Coordinación de Normalización e Política Lingüística:

a) Representar á Facultade, a petición do Decano ou Decana, en asuntos relativos a normalización e política lingüística.

b) Contribuír a normalizar o uso do galego como lingua propia nas actividades da Facultade, de acordo co disposto no Artigo 1.3. dos Estatutos da Universidade de Vigo e fomentar a diversidade lingüística nos ámbitos docentes, investigadores e de servizos.

c) Impulsar e fornecer o proceso de dinamización lingüística da Facultade, de conformidade coa Constitución do Estado, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística de Galicia.

d) Colaborar nas actividades organizadas pola área de normalización lingüística da Universidade de Vigo, e cos diferentes servizos lingüísticos das entidades públicas e privadas existentes no noso territorio.

e) Velar pola aplicación da normativa da Universidade de Vigo en materia lingüística, e polos dereitos lingüísticos de toda a comunidade universitaria en xeral e polos do estudantado e profesorado da Facultade en particular.

f) Todas as demais funcións que lle sexan atribuídas ou delegadas de forma expresa polas autoridades administrativas con competencia para elo.

### **CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOS TÍTULOS OFICIAIS COMPARTIDOS CON OUTROS CENTROS**

Artigo 59. Da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito entre as facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Na Universidade de Vigo o Grao en Dereito impártese na Facultade de Dereito en Ourense e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo. Co fin de avaliar e adoptar decisións conxuntas en relación co desenvolvemento da docencia e das actividades formativas do título existirá, con carácter estable, unha Comisión de Coordinación entre ambas facultades coa composición, funcionamento e competencias que se determine na normativa única aprobada por ambas Xuntas de Facultade previo informe favorable das respectivas Comisións de Garantía Interna de Calidade.

Artigo 60. Da Comisión de Coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo

O Máster universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo é unha titulación adscrita a Facultade de Dereito de Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo. Colaboran na impartición da citada titulación os ilustres Colexios de Avogados de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Existirá, con carácter estable, unha Comisión de Coordinación na que estean representadas as cinco institucións co obxectivo prioritario de avaliar, supervisar e adoptar decisións conxuntas en relación co título. A composición, funcionamento e competencias estará regulada na normativa aprobada por ambas Xuntas de Facultade previo informe favorable das respectivas comisións de calidade.

Artigo 61. Da Comisión de coordinación do Programa de simultaneidade do dobre grao ADE-Dereito

Na Universidade de Vigo, o Programa de simultaneidade en ADE-Dereito impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Co fin de avaliar e adoptar decisións conxuntas en relación co desenvolvemento da docencia e das actividades formativas do título existirá, con carácter estable, unha Comisión de Coordinación entre ambas facultades coa composición, funcionamento e competencias que se determine na normativa única aprobada por ambas Xuntas de Facultade previo informe favorable das respectivas comisións de calidade.

### **TÍTULO III. DOS MEDIOS PROPIOS DA FACULTADE PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES**

#### Artigo 62. Páxina web da Facultade e redes sociais

A páxina web corporativa da Facultade constitúe o principal medio de promoción das titulacións e actividades realizadas no centro. Tal páxina sempre terá un dominio propio da Universidade de Vigo e estará hospedada nun servidor da Universidade de Vigo.

A súa xestión poderase derivar a unha empresa externa. Porén, a Facultade, conxuntamente cos servizos propios da Universidade de Vigo, velará polo cumprimento estrito dos protocolos de seguridade é pola protección de datos de carácter persoal que consten na mesma. As publicacións realizadas na páxina web poderán substituír e/ou complementar ás realizadas nos taboleiros físicos sitos na Facultade.

A Facultade poderá tamén ter presenza en redes sociais co obxectivo de promocionar as súas actividades. Tal posibilidade deberá constar no Plan de promoción do centro, ou procedemento equivalente, e circunscribírase a difusión das actividades propias do Centro

#### Artigo 63. Revista da Facultade

A revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é un medio de difusión da actividade investigadora realizada polo profesorado do centro ou derivada de actividades organizadas no Centro.

A revista estará dirixida pola Decana ou Decano ou persoa que este designe para a mesma. Do mesmo xeito, poderase aprobar unha normativa propia para a organización e funcionamento da revista.

A revista poderá contar cunha páxina web propia, e o seu contido estará sometido a controis de calidade e contará cun procedemento de admisión e avaliación dos traballos que garante unha axeitada esixencia e a consecución duns altos índices de excelencia.

#### Artigo 64. Festividades da Facultade

A Xunta de Facultade, a proposta do equipo Decanal, aprobará as datas non lectivas pola celebración das festividades propias do Centro. Tales datas incluíranse no calendario académico.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo organizaranse anualmente os actos de gradación do alumnado pertencente ás titulacións impartidas no Centro. Nesta tarefa contarase coa axuda organizativa da delegación de estudantes da Facultade.

#### Artigo 65. Distincións e nomeamentos

Durante os actos de gradación poderanse entregar distincións académicas. A elección das persoas/entidades que se vaian a ser obxecto de distinción, realizarase seguindo criterios de mérito e capacidade.

Serán as Áreas con docencia nos respectivos Graos as que farán as propostas de nomeamento, segundo o procedemento que estableza o Decanato.

A Xunta de Facultade, a proposta do equipo Decanal, nomeará ás persoas que vaian a formar parte do Claustro académico da Facultade en calidade de membro honorífico; ou en calidade de madriña ou padriño externo da promoción que se gradúa.

A Facultade poderá organizar todos aqueles outros actos festivos e/ou conmemorativos que considere convinte para fornecer a súa visibilidade.

### **TÍTULO IV. DA DELEGACIÓN DE ESTUDANTES DA FACULTADE**

#### Artigo 66. Da delegación de estudantes

1. A delegación de estudantes da Facultade estará constituída polos representantes de estudantes nos órganos colexiados da Facultade. A Facultade facilitará, os medios para que as delegacións de estudantes desenvolvan os seus fins e as súas funcións.

2. Entre os fins e as funcións da delegación de estudantes estarán:

a) Exercer funcións de representación e de mediación ante as autoridades académicas e os órganos de goberno no establecemento da canle de diálogo e de información que faciliten a vida universitaria.

b) Informar aos seus representados ou representadas de todas as cuestións que consideren oportunas e recoller as súas opinións; se é necesario, e de forma excepcional, poderá realizarse esta función en horario lectivo tras o acordo co centro.

c) Elixir os ou as representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, nos casos para os cales non exista un regulamento específico.

d) Xestionar os recursos que a Universidade de Vigo poña á súa disposición.

e) Promover e coordinar actividades de extensión universitaria e de sensibilización en materia de xénero.

f) Outros fins e funcións recollidos no ordenamento xurídico vixente.

3. O estado inicial e final do presuposto da Delegación de estudantes e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Facultade sempre que esta o requira. Ademais deberá presentar a memoria dos gastos do exercicio anterior na Xunta de Facultade.

## **TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA XUNTA DE FACULTADE**

### Artigo 67. Propostas de reforma

1. As propostas de reforma do Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade poden ser presentadas pola Decana ou Decano ou polo 30 % dos membros da Xunta.

2. As propostas deberán estar articuladas e motivadas.

### Artigo 68. Toma en consideración

1. As propostas de reforma do regulamento votaranse na Xunta de Facultade para tomarse en consideración. Cando sexan presentadas polo 30 % dos membros da xunta, a Decana ou Decano incluírá a cuestión como punto da orde do día da seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade que se convoque, salvo que prefira convocar de inmediato unha sesión extraordinaria do órgano.

2. Á convocatoria da sesión da Xunta de Facultade na que se vaia decidir sobre a toma en consideración dunha proposta de reforma do regulamento xuntarase o texto íntegro desta.

### Artigo 69. Emendas

1. As propostas que teña en conta a Xunta de Facultade someteranse a un prazo de presentación de emendas de sete días hábiles. As emendas formularanse por escrito e deberán estar articuladas e motivadas.

2. Previa análise da Comisión de Garantía Interna de Calidade do texto e as emendas, daráselle traslado á Comisión Permanente, que elaborará un proxecto para presentar na Xunta de Facultade.

### Artigo 70. Aprobación pola Xunta de Facultade

O texto aprobado pola Comisión Permanente enviaráselle á Xunta de Facultade para que o aprobe ou o rexeite na seguinte sesión ordinaria que se convoque, ou en sesión extraordinaria convocada para este efecto. So serán obxecto de deliberación e discusión os aspectos do regulamento que fosen previamente obxecto de emenda polas persoas interesadas e obxecto de deliberación na Comisión de Calidade e na Comisión Permanente. Para aprobarse será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros presentes na sesión.

### Artigo 71. Aprobación definitiva e publicación

1. A Secretaria ou secretario da Facultade comunicarlles as reformas do regulamento da Xunta de Facultade aos órganos competentes da Universidade para que o aproben.



2. Unha vez aprobado definitivamente, publicarase o texto consolidado no taboleiro oficial da Facultade dándosele a oportuna divulgación.

**Artigo 72. Aprobación doutras normas regulamentarias**

O procedemento para aprobar outras normas regulamentarias pola Xunta de Facultade axustarase ao previsto neste título, salvo que, por motivos de urxencia, a propia Xunta de Facultade xustifique abreviar prazos ou trámites.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

No momento da entrada en vigor do presente Regulamento e en tanto non proceda a súa renovación consonte o previsto nesta norma, os distintos órganos e comisións da Facultade conservarán a composición que tiñan ata o de agora nos seus homólogos na normativa que se derroga.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

**Única. Derrogación normativa**

1. Queda derrogada calquera disposición adoptada pola Xunta de Facultade ou os demais órganos colexiados do centro que contradiga ou vulnere o establecido neste Regulamento.
2. Quedan derrogadas expresamente as seguintes normas:
  - a) Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 5 de outubro de 2005.
  - b) Normativa interna de coordinación das titulacións de Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo de 30 de xuño de 2011.
  - c) Normativa de regulación do procedemento para o nomeamento de Profesores Honoríficos de 11 novembro de 2010.

**DISPOSICIÓN FINAL**

**Única. Entrada en vigor**

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo, logo de ter sido ratificado polo Consello de Goberno. Así mesmo, publicarase na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Informado favorablemente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade do 21 de decembro de 2020.

Aprobado pola Xunta de Facultade do 21 de decembro de 2020.

Aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 1 de febreiro de 2021.